

## **LISTA DE ASISTENTES**

Alonso Vega, María Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Pena Uris, Gloria M.  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica  
**DESCULPA ASISTENCIA**  
Cebro Barreiro, Sabela  
González Santamaría, Pedro

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 28 de abril de dous mil quince, convocada para as 11:30 h en primeira convocatoria e ás 12:00 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **28 de abril de 2015** ás 12:00 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de abril de 2015.
2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións aos censos provisionais e aprobación, se procede, dos censos definitivos.
3. Delegación, se procede, na secretaria xeral da proclamación provisional de candidaturas.
4. Delegación, se procede, na secretaria xeral da resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidaturas e da aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas.
5. Delegación, se procede, na secretaria xeral da proclamación provisional de candidatos e candidatas electas.
6. Sorteio da letra pola que ha de comezar a designación dos membros da Mesa Electoral.
7. Sorteio da letra pola que han de comezar as papeletas de votacións.
8. Outros asuntos de interese.
9. Rolda libre de intervencións.

Antes de comezar a sesión, o presidente informa do cambio producido nos puntos da convocatoria en relación co inicialmente proposto no calendario de reunións presentado na anterior sesión. Explica que, dadas as dificultades en realizar a xuntanza prevista para o 13 de maio, inicialmente por problemas de dispoñibilidade dos técnicos da videoconferencia e logo por ausencia do presidente, que dificultaría a obtención de quórum, acordouse propoñer a delegación na Secretaría Xeral os puntos previstos para esa xuntanza, polo que se inclúen na orde do día.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 16 de abril de 2015.

O presidente da Comisión cede a palabra á secretaria, quen indica que non se teñen presentado alegacións á acta, e non habendo ningunha por parte dos presentes, apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións aos censos provisionais e aprobación, se procede, dos censos definitivos.

O presidente cede a palabra á secretaria xeral: En relación aos membros do PAS hai unha modificación, que se realiza de oficio, pola ausencia no censo de dona Nieves López Prieto e dúas a instancia de parte, unha aceptada (dona Alba González Palomares) e outra desestimada (dona Rosa M. Cortiñas Iglesias).

En relación co censo de alumnos, detectouse que nos censos enviados por terceiro ciclo e publicados inicialmente non se incluían todos os alumnos pola dificultade que ten o manexo das distintas bases dos programas de doutoramento.

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.** Delegación, se procede, na secretaria xeral da proclamación provisional de candidaturas.

Apróbase por asentimento a delegación.

**Punto 4.** Delegación, se procede, na secretaria xeral da resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidaturas e da aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas.

Apróbase por asentimento a delegación.

**Punto 5.** Delegación, se procede, na secretaria xeral da proclamación provisional de candidatos e candidatas electas.

Apróbase por asentimento a delegación.

**Punto 6.** Sorteio da letra pola que ha de comezar a designación dos membros da Mesa Electoral.

Resultado do sorteo: Primeira letra, o N; e segunda, o B.

**Punto 7.** Sorteio da letra pola que han de comezar as papeletas de votacións.

Resultado do sorteo: Primeira letra, o J; e segunda, o K.

**Punto 8.** Outros asuntos de interese.

Fanse aclaracións respecto das preguntas realizadas por dona Beatriz Vaquero, en relación ao Regulamento da EIDO.

**Punto 9.** Rolda libre de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:10 h do día 28 de abril de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris